



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO ACCION SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SERVIZOS SOCIAIS

EXPEDIENTE: 2024000023061

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DOS PREMIOS DO XI PREMIO “CONCEPCIÓN ARENAL” A PROXECTOS EDUCATIVOS POLA IGUALDADE DE XÉNERO

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES:

- 1.- No BOP número 166 do 29 de agosto de 2024 publicáronse as Bases da convocatoria, do XI Premio Concepción Arenal a proxectos educativos pola igualdade de xénero 2024, que foron aprobadas pola resolución da Presidencia número 34105, do 22 de agosto de 2024.
- 2.- O xurado foi nomeado por resolución da Presidencia número 51335, de 10 de decembro de 2024.
- 3.- De conformidade coas bases sétima e oitava o xurado reuniuse o día 22 de xaneiro de 2025 e formulou a súa proposta, tal e como consta na acta correspondente que se achega ao expediente da convocatoria.

Á vista do contido da acta e logo dos informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar a concesión dos premios en metálico de 5.000,00 € a cada un dos seguintes centros en función das distintas modalidades:

Modalidade	Expediente	Expediente de pago	Solicitante	NIF	Proxecto
B	2024000044115	2025000004419	COLEXIO RURAL AGRUPADO PONTE DA PEDRA DE CARBALLO	Q1500286H	ArROUPAme na Igualdade
C	2024000043949	2025000004421	CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DA CORUÑA	Q1578001H	Bravísimas! Mulleres na música

A modalidade A quedou deserta ao non presentarse ningún proxecto.

Segundo.- Imputar o gasto dos premios concedidos, que ascende a 10.000,00 €, á aplicación 0611/23122/481, documento contable A, operación número 220250000704 do Orzamento 2025.

Terceiro.- Anular o saldo por importe de 5.000 € por economía en execución do documento contable A, operación número 220250000704 do Orzamento 2025 e o seu correspondente RC 220250000668 e deixar o crédito disponible na aplicación 0611/23122/481.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.